



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

A Corporación Municipal do Concello de Baleira (Lugo), na sesión plenaria ordinaria do 4 de decembro de 2019, acordou aprobar inicialmente o establecemento de prezos públicos pola prestación do servizo de prazas de titularidade municipal do centro de atención residencial do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar do Concello de Baleira, a Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de prazas de titularidade municipal no mencionado centro residencial e a ordenanza reguladora das condicións de acceso ás prazas de titularidade municipal no mesmo centro de atención residencial.

O acordo, que a continuación se transcribe, considérase definitivamente adoptado ó non haberse presentado reclamacións nin suxerencias no trámite de información pública e audiencia ós interesados:

“Expediente núm.: 216/2018

Procedemento: Establecemento e Ordenación de Prezos Públicos. Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de prazas de titularidade municipal do centro de atención residencial do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar do Concello de Baleira e ordenanza de acceso ás prazas do fogar residencial.

Polo Concello de Baleira iniciouse expediente para o establecemento e ordenación do prezo público pola prestación do servizo de prazas de titularidade municipal do centro de atención residencial do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar do Concello de Baleira e a aprobación das seguintes ordenanzas:

- Ordenanza reguladora das condicións de acceso ás prazas de titularidade municipal do centro de atención residencial, do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do Concello de Baleira.
- Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de prazas de titularidade municipal do centro de atención residencial do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar do Concello de Baleira.

Incorporáronse ó expediente informes de Secretaría sobre a lexislación e o procedemento a seguir.

Tendo en conta o anteriormente indicado propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o establecemento de prezos públicos pola prestación do servizo de prazas de titularidade municipal do centro de atención residencial do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar do Concello de Baleira, e a Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de prazas de titularidade municipal do centro de atención residencial do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar do Concello de Baleira.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora das condicións de acceso ás prazas de titularidade municipal do centro de atención residencial, do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do Concello de Baleira.

TERCEIRO. Dar aos mencionados expedientes a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición dos mesmos no taboleiro de anuncios deste Concello, no *Boletín Oficial da Provincia*, e na sede electrónica do concello por un prazo de trinta días hábiles.

Durante o devandito prazo poderán ser examinados por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estarán a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://concellobaleira.sedelectronica.gal>].

CUARTO. Considerar definitivamente adoptado o acordo, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado.

Baleira, novembro do 2019. O AlcaldeAsdo.: Ángel Enrique Martínez-Puga López. “

1. ► Incorporáronse ó expediente o **texto das ordenanzas que de seguido se transcriben:**

ORDENANZA REGULADORA DAS CONDICIÓNS DE ACCESO ÁS PRAZAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CENTRO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL, DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR, DO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

ARTIGO 1. OBXECTO E NORMATIVA REGULADORA

É obxecto desta ordenanza **fixar as condicións de acceso ás prazas de titularidade municipal, no Centro de día e Atención Residencial do Concello de Baleira.**

Esta normativa municipal acórdase de conformidade co disposto no artigo 62º da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, das actividades municipais complementarias doutras administracións públicas, e no artigo 69 da Lei 2/2017, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que desenvolve o réxime de cofinanciamento dos servizos prestados polo Consorcio, nos que debe participar a administración local.

En todo o non establecido na presente regulación, observarase o disposto na normativa autonómica e estatal vixente que corresponda.

A tramitación dos expedientes correspóndelle aos Servizos sociais comunitarios do Concello de Baleira como órgano instrutor.

O órgano competente para ditar a resolución da concesión de praza de titularidade municipal será a Alcaldía-Presidencia, que pode delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 21.3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local e no artigo 61. 3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

ARTIGO 2. INTERPRETACIÓN

A interpretación desta ordenanza reguladora é competencia dos órganos de goberno deste Concello.

ARTIGO 3. COMPETENCIAS

O Concello de Baleira reserva como competencia exclusiva as funcións de planificación, programación e dirección técnica do acceso ás prazas do Centro do Consorcio de titularidade municipal; así coma, a coordinación, o seguimento, supervisión e control do acceso e a selección da persoa usuaria.

ARTIGO 4. DEFINICIÓNS

Para os efectos desta Ordenanza aplicarase, ademais do ditado na Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenrola o Decreto 243/1995, de 28 de xullo, no relativo a regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores, o contido na Orde do 12 de setembro de 2012 pola que se aproba a Carta de servizos do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, punto IV. 5.6, que entende que este tipo de Servizo é unha *"atención integral e continuada durante as vinte e catro (24) horas do día e nun centro residencial, de carácter personalizado, tendo en conta a natureza da situación de dependencia de cada persoa e a intensidade dos coidados que precise"*

Son prazas destinadas a servir ás persoas residentes en Baleira, que reúnan as condicións de acceso que se indican nesta disposición para ser persoas usuarias e cuxas necesidades non poidan ser satisfeitas por outros medios.

Este servizo non exime á familia das súas responsabilidades.

ARTIGO 5. CONTIDO DO SERVIZO

As atencións que se prestan son as recollidas na Carteira de Servizos, como Servizos Básicos, e na normativa en vigor, e en concreto, as seguintes:

Considéranse **Servizos Básicos**:

□□□□□□ Manutención, que contará con dietas especializadas, en contido e textura, en función das patoloxías das persoas usuarias, e supervisadas por persoal médico ou técnico en dietética ou nutrición.

□□□□□□ Apoio nas actividades básicas da vida diaria durante as vinte e catro horas (24): aseo persoal, alimentación, mobilidade, así coma na realización de todas aquelas actividades que a persoa usuaria non poida realizar por sí mesma e que virá determinado na elaboración do seu Plan de Atención Individual.

□□□□□□ Servizo de atención sanitaria preventiva. Actuacións derivadas da correcta coordinación cos servizos sanitarios de referencia para a promoción e mantemento da saúde, á prevención das enfermidades e ao diagnóstico, tratamento, terapia e rehabilitación así coma o pronóstico dos procesos obxecto de atención.

□□□□□□ Servizo de intervención ocupacional. Servizo dirixido á promoción da saúde e do benestar a través da ocupación.

□□□□□□ Servizo de terapia ocupacional ou animación sociocultural.

Atención social, que comprenderá a asistencia á persoa usuaria na tramitación da solicitude de valoración da dependencia e na realización dos demais trámites administrativos que precise, ademais das comunicacións obrigadas pola normativa de aplicación ao Ministerio Fiscal e Xulgados.

Servizo de lavandería, que garantirá o lavado e pasado de ferro da roupa das persoas usuarias, así coma o lavado, como mínimo semanalmente, da roupa da cama, lencería e toallas, e en todo caso, cando as circunstancias así o requiran, así mesmo prestará o servizo de maraxe de roupa no caso de consideración como servizo complementario susceptible de pagamento adicional, no réxime de tarifas do centro.

O centro poderá dispor de servizos complementarios susceptibles de pagamento adicional á cota de pagamento ordinaria.

ARTIGO 6. MODALIDADE DA ESTADÍA

O acceso ás prazas poderase realizar na modalidade de Estadía **permanente**, o Centro pasa a ser a residencia habitual da persoa.

Para os efectos desta disposición, quen acceda mediante praza do Concello de Baleira, considerarase dende o seu ingreso, de modo automático, persoa usuaria do Centro residencial.

ARTIGO 7. PERSOAS DESTINATARIAS

Ordinariamente serán aquelas persoas maiores de 65.

ARTIGO 8. REQUISITOS DA PERSOA DESTINATARIA PARA O ACCESO AO SERVIZO

Son requisitos para ter acceso ao servizo, sendo motivo de denegación o seu incumprimento:

1.- Ter nacionalidade española.

As persoas que carezan de nacionalidade española rexeranse polo establecido na Lei orgánica 4/2000 do 11 de xaneiro, e nos Tratados internacionais e nos convenios que se estipulen co país de orixe.

2.- Estar empadroadada e ter residencia efectiva no Concello de Baleira cunha antigüidade de doce (12) meses ininterrompidos inmediatamente anteriores á data de solicitude.

Durante o primeiro ano natural dende a apertura do centro terán acceso aquelas persoas, que por circunstancias sobrevidas e non previstas, ou inevitables, tendo iniciado a solicitude de valoración de dependencia no Concello de Baleira, tivesen que facer uso dun equipamento especializado de atención residencial privado, co consecuente traslado de empadramento, sempre e cando teñan solicitado praza pública residencial polo Sistema de promoción da autonomía persoal e atención a dependencia (SAAD en adiante).

3.- Ordinariamente, ter cumprido os 65 anos de idade no momento de realizaren a solicitude.

4.- Presentaren a documentación completa, xunto coa solicitude, no Rexistro do Concello acreditando a situación de necesidade do servizo.

5.- Que o recurso sexa valorado como idóneo polos Servizos sociais comunitarios, mediante informe social da unidade de traballo social municipal e ditame-proposta da Alcaldía.

6.- Non ter dereito efectivo a recibir un servizo similar de ningunha outra entidade ou organismo público ou privado (SAAD, MUFACE, ISFAS, ONCE, etc.).

7.- Non presentar un estado de deterioro físico nin psíquico tal que precise doutro tipo de atención especializada asistida ou de internamento nun centro hospitalario.

8.- Non presentar trastornos mentais ou condutivos graves e non compensados que poidan alterar a normal convivencia no Centro.

9.- Non estar sancionada coa revogación de adxudicación de praza pública de atención residencial, conforme a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e ao Regulamento de réxime interno do Centro.

10.- Ter solicitado o recoñecemento da situación de dependencia.

ARTIGO 9. A PERSOA ACOMPAÑANTE

1. De xeito excepcional e co obxecto de manter a unidade familiar, poderá recoñecerse o dereito de admisión na praza, como acompañante do/a solicitante principal a quen, non reunindo todos os requisitos establecidos, se atope nalgunha das seguintes situacións:

a. Ser cónxuxe ou persoa en relación análoga de afectividade.

b. Ser parente de consanguinidade até o segundo (2º) grao.

c. Acreditar a convivencia polo menos dous anos (2) co/a solicitante principal, con anterioridade á data de presentación da solicitude principal.

2. A solicitude para ingresar como acompañante deberá presentarse no momento en que se formule a solicitude principal e seguindo o mesmo procedemento, de xeito que ambos ingresen de modo simultáneo ou con posterioridade.

3. Non se recoñecerá o dereito de acompañamento a aquelas persoas que requiran cuidados específicos que non poidan atenderse no centro residencial.

ARTIGO 10. RESOLUCIÓN DE ASIGNACIÓN DE PRAZA

1. Sen prexuízo do disposto nesta ordenanza para os supostos de emerxencia social, correspóndelle ao órgano municipal competente para resolver, a asignación da praza vacante en cada momento, tendo en conta a distribución de prazas por grao de dependencia establecida no Convenio co Consorcio.

2. A efectos de asignación de Prazas, equipáranse os graos de dependencia recoñecidos coa seguinte puntuación obtida no Informe de Barthel, en aplicación do Baremo establecido no Anexo II para o Factor 1 de Autonomía Persoal:

Grao de dependencia recoñecido	Puntos acadados no Índice de Barthel
I	≤ 100 puntos (ou ≤90 en cadeira de rodas)
Sen grao	100 puntos (90 en cadeira de rodas)

3. A prelación de acceso ás prazas para quen está en situación de dependencia I ou sen grao, será, igualmente, a determinada pola aplicación sucesiva dos seguintes criterios:

- A menor puntuación obtida no Baremo de Autonomía Persoal establecido no Anexo II desta disposición.
- No caso de igual puntuación, a non percepción doutra prestación ou servizo público calquera que sexa a súa titularidade.
- No suposto de igualdade cos criterios anteriores, a menor capacidade económica.
- No caso de igualdade novamente, a inexistencia de rede social de apoio, acorde co Anexo II desta disposición.
- Se persistise a igualdade, a idade da persoa destinataria.
- Por último, a data de presentación da solicitude principal.

4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de tres (3) meses contados dende a data en que a solicitude teña entrada no rexistro municipal. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas.

ARTIGO 11. RENUNCIA DA PRAZA

1. O/A solicitante ou quen exerza a súa representación legal poderá renunciar á solicitude realizada, ante os servizos sociais comunitarios do concello de Baleira ou ante o Consorcio, quen, na súa vez, informará aos Servizos sociais comunitarios.

2. Formalizada a renuncia, archivarase a solicitude e porase fin ao expediente de conformidade co artigo 94 disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ARTIGO 12. APRAZAMENTO DO INGRESO

1. Cando, por causas de forza maior ou por razón de ingreso hospitalario, non se produza o ingreso dentro do prazo previsto, a persoa interesada antes de finalización deste prazo, poderá solicitar o aprazamento do ingreso ante o Consorcio, quen informará aos Servizos sociais comunitarios.

2. De ser o caso, a súa Prazas será cuberta por outra persoa.

3. Desaparecida a causa que xustifica o aprazamento, incorporárase na primeira Prazas vacante que se produza no servizo previamente recoñecido.

ARTIGO 13. COMISIÓN DE ASIGNACION DE PRAZA

A Comisión de Asignación estará constituída:

- ☐ Alcalde- Presidente, ou persoa en quen delegue.
- ☐ Coordinador/a e técnico/a de servizos sociais. Con funcións de secretario/a da comisión.
- ☐ Auxiliar de axuda no fogar do concello de Baleira (por orde de antigüedad)

As funcións desta Comisión son:

- ☐ Garantir o bo funcionamento do proceso de admisión e asignación en aplicación desta ordenanza.

□□□□□ Elaborar a relación de admitidas e as listaxes de agarda, de ser o caso, en aplicación da Prelación de acceso regulada nesta disposición.

□□□□□ Aprobar a asignación das tarifas segundo a Ordenanza reguladora do prezo publico.

□□□□□ Recadar das solicitantes a documentación adicional que se precise para a xustificación das situacións e circunstancias derivadas.

□□□□□ Informar as reclamacións que no seu caso se presenten.

□□□□□ Elevar as Propostas-ditame ao Órgano competente para resolver.

ARTIGO 14. TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO NOS SUPOSTOS DE EMERXENCIA SOCIAL

1. Para os efectos do disposto nesta disposición, enténdese por emerxencia social calquera das situacións a que fai referencia o artigo 16 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, cando así o aconsellen razóns de interese público debidamente documentadas e obxectivadas que leven consigo :

- a. Unha situación de desamparo ou abandono.
- b. Malos tratos físicos e/ou psíquicos.
- c. Situación de risco grave inminente para a súa integridade física e psíquica.

2. Para os efectos do inicio da tramitación de emerxencia social deberase achegar:

a. Solicitude de Praza que se adxunta no **Anexo I** desta disposición. A solicitude deberá remitirse debidamente cuberta ou, de ser o caso, dilixenciada pola unidade de Traballo social de referencia.

De consideralo necesario debido ás circunstancias observadas, dita unidade de Traballo social cursaralle no mesmo instante a debida comunicación ao Ministerio Fiscal e ao Órgano superior autonómico competente en materia de dependencia para os efectos oportunos.

b. Índice de Barthel e informe social emitido pola unidade de Traballo social de referencia, e demais documentación que se considere necesaria.

3. A tramitación do procedemento de asignación de praza, comezará coa aplicación do índice de BARTHEL e o informe social no que se fundamentará e acreditará a proposta á Comisión de Asignación de Praza.

4. O ditame da Comisión será elevado ao órgano superior, alcalde-presidente do Concello de Baleira, que declarará a tramitación de emerxencia social mediante resolución motivada no prazo máximo de setenta e dúas (72) horas desde a entrada da solicitude no Rexistro municipal. De non apreciarse causas xustificativas que motiven a tramitación deste procedemento continuarase coa súa tramitación pola vía ordinaria e segundo a orde de entrada da solicitude.

5. Corenta e oito horas (48) desde esta declaración, os Servizos sociais comunitarios comunicarán a asignación de praza ao Consorcio para o seu ingreso, así coma á persoa interesada.

6. Con carácter excepcional nos supostos en que a asignación do recurso sexa necesaria de modo inmediato procederase, a través dos Servizos sociais comunitarios, a proporcionar dita asignación, e debe confirmarse, posteriormente, no prazo de corenta e oito (48) horas, a situación de emerxencia social mediante resolución motivada do órgano competente.

Unha vez asignada a praza, continuarase coa tramitación do procedemento segundo o disposto nesta ordenanza, debendo completarse toda a documentación obrigatoria, no prazo de vinte (20) días hábiles.

7. A praza asignada mediante o procedemento de emerxencia social será temporal ata a regulación definitiva, e non impedirá a obriga de continuar cos trámites ben para o seu acceso ordinario a este servizo ou para outro mais axeitado.

8. A efectividade de acceso por emerxencia estará suxeito a existencia de unha praza libre.

ARTIGO 15. COMPETENCIAS DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS.

Son competencias destes:

- a. A planificación e a programación do servizo, no marco dos servizos sociais comunitarios.
- b. A avaliación técnica de cada solicitude, que inclúe a recepción da demanda e o seu estudo.
- c. O establecemento do correspondente Ditame acordado na Comisión de Asignación de Praza e a súa elevación para a súa resolución polo órgano competente.
- d. A tramitación das posibles infraccións de persoas usuarias que poidan ser comunicadas dende o Consorcio, no marco legal desta ordenanza.
- e. De ser o caso, seguimento e avaliación das situacións atendidas no Centro en coordinación co Consorcio.

ARTIGO 16. INCOMPATIBILIDADE

O acceso ao servizo dirixirase a persoas ás que non lles asista o dereito de ingreso efectivo concedido ao catálogo de servizos de atención á dependencia que se establece no artigo 15 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e no artigo 3º do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, ou calquera outro dereito de ingreso efectivo que sexa de aplicación.

ARTIGO 17. LISTAXE DE AGARDA

1. No caso de que o servizo non conte con capacidade suficiente para atender todas as situacións susceptibles deste, elaboraranse unha listaxes de agarda, que se confeccionarán pola orde de prelación establecida no artigo 10 desta ordenanza.

2. A puntuación final e a orde de prelación acadada asignaralle o lugar que lle corresponda en dita listaxe de agarda.

3. Atendendo aos criterios expostos nos puntos anteriores, a listaxe de agarda xerará unha actualización automática a medida que o órgano competente incorpore novas resolucións de altas no servizo pendentes de asignación de praza.

4. As persoas incluídas na listaxe de agarda deberán nun prazo máximo de un (1) mes, comunicarlle ao Servizo sociais comunitarios calquera circunstancia persoal ou de saúde que lle afecte á súa solicitude, a cal será tida en conta para os efectos previstos nesta disposición.

5. Esta situación de atoparse en listaxe de agarda será notificada.

ARTIGO 18. SOLICITUDES

No acceso ao servizo será de aplicación o seguinte:

a. O procedemento iniciárase por instancia de parte, de conformidade cos principios xerais da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b. Cando existan circunstancias debidamente acreditadas no expediente, que así o xustifiquen, o procedemento de acceso poderá iniciarse de oficio.

c. As solicitudes para acceder ao servizo, serán valoradas pola Unidade de Traballo social que, determinará mediante un informe social preceptivo, a idoneidade do servizo, así coma a capacidade económica e a participación no prezo do/a solicitante (copagamento en adiante). O informe será elevado á Comisión de Asignación de Praza para o seu Ditame.

ARTIGO 19. PRAZO DE SOLICITUDE DO SERVIZO

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto todo o ano e está supeditado á vixencia do Convenio, á existencia de prazas vacantes, e á existencia de dispoñibilidade orzamentaria, podéndose crear listaxe de agarda, e mesmo, dar de baixa a propia dispoñibilidade do servizo.

ARTIGO 20. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

1. A solicitude formalizarase no **modelo que se adxunta no Anexo I** desta ordenanza e que estará dispoñible no Concello de Baleira.

2. Se a solicitude e os seus adxuntos non está debidamente cubertos ou non se presenta a documentación sinalada, requirirase o/á interesado/a para que, no prazo de dez (10) días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se entenderá que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co artigo 21 da dita Lei.

3. Os/as interesados/as deberán achegar a seguinte documentación preceptiva xunto coa solicitude:

a. Documento nacional de identidade ou número de identificación de estranxeiros/as do/a solicitante e do/a acompañante, de ser o caso, e de quen as represente.

b. Certificado do grao de dependencia recoñecido, de ser o caso, ou xustificante de ter presentado a súa solicitude, do/a solicitante e do/a acompañante, de ser o caso.

c. Impreso de domiciliación bancaria debidamente cuberto e asinado polo/a solicitante e polo/a acompañante, de ser o caso, ou por quen as represente.

d. Resolución do Plan individual de Atención en vigor (PIA en adiante) da Xunta de Galicia do/a solicitante e do/a acompañante. No caso de non posuílo, por estar en trámite, aportarase:

d.1. Certificado de depósitos bancarios, contas e valores a 31 de decembro do último ano do/a solicitante, do/a acompañante, de ser o caso, e dos/as computables para este servizo.

d.2. Extracto bancario dos últimos 12 meses das pensións do estranxeiro percibidas polo/a solicitante, polo/a acompañante, de ser o caso, e polos/as computables, así coma de todos aqueles ingresos exentos de declarar no IRPF.

d.3. Certificado dos vehículos do/a solicitante, do/a acompañante, e dos/as computables, da Xefatura de Tráfico.

d.4. Certificado de bens urbanos e rústicos e do seu valor catastral, do/a solicitante, do/a acompañante, de ser o caso, e dos/as computables, da Dirección Xeral do Catastro.

d.5. Certificado positivo ou negativo do imposto de patrimonio, así como disposicións patrimoniais realizadas nos últimos catro (4) anos, do/a solicitante, do/a acompañante, de ser o caso, e dos/as computables, da Axencia Tributaria de Galicia.

e. Calquera outro documento que se considere necesario para a valoración e baremo da solicitude.

4. Son computables para este servizo, sempre e cando estén empadroados/as no domicilio cando menos un (1) ano antes da solicitude, convivan co/a solicitante e dependan economicamente deste/a segundo o considerado na Lei estatal do IPRF:

- Cónxuxe ou parella de feito rexistrada como tal.

- Persoas ascendentes do/a solicitante maiores de sesenta e cinco (65) anos, ou calquera que sexa a súa idade, sempre que teñan recoñecido o grao de discapacidade.

- Fillas/os do/a solicitante ou do seu cónxuxe menores de vinte e cinco (25) anos, ou maiores con discapacidade ou dependencia valorada ou incapacitadas xudicialmente sometidas á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

5. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a. Certificado da declaración ou imputación de rendas do último exercicio fiscal dispoñible na data da solicitude do/a solicitante, do/a acompañante, de ser o caso e das persoas computables.

b. Certificado de convivencia do/a solicitante, do/a acompañante, de ser o caso, e dos/as computables, así coma a antigüidade no Concello de Baleira.

c. Certificado do padrón municipal de vehículos e catastral de bens rústicos e urbanos do/a solicitante, do/a acompañante, de ser o caso, e das persoas computables.

6. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no modelo e achegar os documentos.

7. Se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos anteditos datos, poderáselle solicitar ás interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

8. As solicitudes xunto coa documentación presentaranse en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferiblemente no Rexistro xeral municipal do Concello de Baleira.

9. Os servizos sociais terán a disposición das persoas interesadas modelos normalizados para facilitarlles a realización de trámites administrativo.

10. Cando se teñan en conta, feitos, alegacións ou probas distintas das aducidas polo/a interesado/a, os Servizos sociais, antes de redactar o ditame de resolución definitiva, notificaralle a proposta de resolución provisional para que, no prazo de dez (10) días, alegue ou presente os documentos e xustificacións que coide pertinentes. Examinadas estas alegacións, se é o caso, formularase a proposta de resolución definitiva.

11. No ditame proposta de resolución definitiva figurarán as solicitudes que reúnen todos os requisitos, posición obtida de acordo coa orde de prelación establecido no artigo 10 desta ordenanza, que se actualizará cada mes, capacidade económica e copagamento do/a solicitante e do/a acompañante, de ser o caso.

12. As propostas de resolución non crean dereito ningún a favor do/a solicitante e do/a acompañante, de ser o caso, fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución definitiva.

13. A información relativa ao procedemento e ás condicións de acceso a este servizo poderase obter nos Servizos sociais comunitarios.

ARTIGO 21. PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adaptado ao Regulamento Xeral de Protección de Datos (RDL 5/2018, de 27 de xullo de medidas urxentes para a adaptación do dereito español á normativa da Unión Europea en materia de Protección de Datos, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro municipal denominado para tal efecto. O órgano responsable deste ficheiro é a Alcaldía do Concello de Baleira. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante esta, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Concello de Baleira, Avenida Doctor Escobar, s/n, 27130 Baleira.

ARTIGO 22. POTESTADE SANCIONADORA.

1. A potestade sancionadora por infraccións ocorridas no ámbito residencial e no marco desta ordenanza, corresponderalle ao Concello de Baleira a instancia do Consorcio, sen prexuízo de informar ás autoridades xudiciais ou administrativas que corresponda, ou as forzas de seguridade, no caso de que poidan constituír delito ou falta.

2. No resto das materias, polo disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas, así coma toda aquela normativa que as desenvolve.

ARTIGO 23. NORMATIVA SUBSIDIARIA

No non establecido na presente ordenanza observarse o disposto na normativa aplicable vixente.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto definitivo e teña transcorrido o prazo segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PRAZA DE ATENCIÓN RESIDENCIAL

A. DATOS PERSOAIS DA PERSOA SOLICITANTE

Apelidos		Nome	NIF/NIE
Data de nacemento	Estado civil		Grado de dependencia
Domicilio			
Servizos dos que dispón			
Email			Teléfono

B. DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

Apelidos		Nome	NIF/NIE
Domicilio		Municipio	Provincia
Email			Teléfono
Título de representación			

C. ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN *(cubrir soamente se é distinto ao indicado anteriormente)*

Domicilio		Municipio	Provincia
Email			Teléfono
Título de representación			

D. DATOS PERSOAIS DO/A ACOMPAÑANTE

Apelidos		Nome	NIF/NIE
Data de nacemento	Grao de dependencia		Indicar se está en trámite SÍ / NON
Domicilio			
Parentesco coa persoa solicitante			
Email			Teléfono

E. A persoa solicitante é perceptora de pensión non contributiva?

SÍ / NON

E/ou a acompañante?

SÍ / NON

F. Existen persoas a cargo que residan na vivenda habitual?

SÍ / NON

(No caso de existir, éstas deben asinar o Adxunto I a esta solicitude)

G. COMPROBACIÓN DE DATOS DA SOLICITANTE

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que a persoa solicitante se opoña a esta consulta deberá indicalo no recadro correspondente e achegar o documento

	OPÓÑOME Á CONSULTA
Certificado de padrón de convivencia no Concello de Baleira	
Padrón municipal de vehículos	
Padrón municipal de bens rústicos e urbanos e valor catastral	
Declaración IRPF ou certificado de imputacións do último exercicio disponible á data da solicitude	

H. DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA OU SE DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

(Marque cunha cruz (X) na primeira columna)

	Adxunto I desta solicitude, debidamente asinado e cuberto por cada una das persoas computables	
	Adxunto II, debidamente cuberto e asinado polo persoal facultativo, do/a solicitante e acompañante	
	Presentado	ANO
	DNI/NIE do/a solicitante, do/a acompañante, de ser o caso, ou dos/as que	

	os/as representan.		
	Documento que alegue representación fidedigna, de ser o caso.		
	Certificado do grao de dependencia recoñecida do/a solicitante e do/a acompañante, de ser o caso, ou xustificante de trámite desta.		
	Resolución do Plan individual de Atención en vigor (PIA) da Xunta de Galicia, da solicitante e da acompañante.		
CUBRIR SÓ NO CASO DE NON POSUÍR O PÍA, OU ESTAR EN TRÁMITE		Presentado	ANO
	Certificado negativo ou positivo da obriga de declarar o Imposto de Patrimonio e Disposicións Patrimoniais dos últimos 4 anos, do/a solicitante, do/a acompañante, de ser o caso, e dos/as computables, da Axencia Tributaria de Galicia		
	Certificado negativo ou positivo de Vehículos do/a solicitante e do/a acompañante, de ser o caso, e dos/as computables, da Dirección Xeral de Tráfico.		
	Certificado negativo ou positivo de Bens urbanos e rústicos e o seu valor catastral, do/a solicitante e do/a acompañante, de ser o caso, e dos/as computables, da Dirección Xeral de Catastro.		
	Certificado bancario dos depósitos, valores e contas a trinta e un (31) de decembro do último ano dispoñible, do/a solicitante e do/a acompañante, de ser o caso, e dos/as computables.		
	Extracto bancario dos últimos doce (12) meses, no caso de ingresos de pensións ou similar do estranxeiro, e de ser o caso, de toda clase de pensións, prestacións ou subsidios públicos ou privados calquera que sexa a súa natureza, do/a solicitante e do/a acompañante, de ser o caso, e dos/as computables.		
	Resolución xudicial de incapaz con patria potestade prorrogada ou rehabilitada e/ou certificado do grao de discapacidade e/ou dependencia dos/as fillos/as maiores de 25 anos e dos/as ascendentes menores de 60 anos, do/a solicitante e do/a acompañante, de ser preciso.		
Outra documentación (que teña relación cos aspectos valorados)			

Asinado:

D/Dna.

(Solicitante/representante)

ANEXO I. Adxunto a)**A SOLICITANTE OU QUEN A REPRESENTA DECLARA:**

Que todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude son certos e comprobables documentalmente, e que o ocultar ou falsear estes dará lugar á esixencia das responsabilidades que diso puideran derivar, así como da obriga de comunicarlle ao CONCELLO DE BALEIRA, calquera variación dos datos declarados ou acreditados que puideran producirse no sucesivo. Ademáis, de que non me asiste ningún dereito de ingreso efectivo por ningún outro organismo público ou privado, e de que no caso de iniciarse a prestación por emerxencia social, continuar cos trámites iniciados ata a súa resolución definitiva.

En Baleiras, a de de 201 ..

Asinado.:

CLAUSULA INFORMATIVA DE PROTECCIÓN DE DATOS**¿Quién es el responsable del tratamiento de sus datos o los del solicitante o usuario del centro de atención residencial?**

Identidad: Concello de Baleira - CIF: P-2700400A

Dir. postal: Avda. Doctor Escobar, s/n, CP 27130, en Baleira (Lugo).

Teléfono: 982 35 40 59

Correo elect: info@concellobaleira.es

Delegado de Protección de Datos: Computer-3, S.L.U.

Teléfono contacto DPD: 982 28 40 50

Correo elect. contacto DPD: dpd@computer-3.com

¿Con qué finalidad tratamos sus datos personales o los del solicitante o usuario del centro de atención residencial?

☐ Gestión administrativa interna y gestión fiscal y contable de la entidad, así como la facturación de todos los servicios prestados

☐ Gestión de los servicios como centro de atención residencial, así como de cuidado de personas mayores prestados por el Concello de Baleira

☐ Prestar servicios de terapia ocupacional que se diseñen para cada caso concreto.

☐ Gestionar servicios de animación sociocultural adaptados a las necesidades de cada residente y/o usuario del centro de atención residencial.

Uso de fotografías y/o vídeos: con la finalidad de promocionar la actividad desarrollada por el centro de atención residencial municipal, nos gustaría contar con su consentimiento para la toma y publicación de imágenes y/o vídeos en los que pueda aparecer durante su participación en actividades y/o eventos organizados por el centro de atención residencial, para su publicación tanto en la página web oficial del Concello, con dominio www.concellobaleira.es, en el perfil abierto en la red social Facebook, con el nombre "Concello de Baleira" y/o en publicaciones que se puedan llegar a realizar en soporte papel y/o en medios de comunicación sobre las actividades organizadas por el centro de día del Concello.

Por favor marque la casilla que se ajuste, en cada caso, a los permisos que quiera darnos.

FOTOGRAFÍAS/VIDEOS

☐ Sí, doy mi consentimiento para que se publiquen imágenes y/o vídeos en los que pueda aparecer durante las actividades y/o eventos celebrados en el Concello de Baleira.

☐ No doy mi consentimiento para que se publiquen imágenes y/o vídeos durante mi estancia en el centro de día municipal

Tratamiento de datos de salud: en determinados casos, con la finalidad de valorar las solicitudes de las plazas del centro residencia de Baleira y de prestar correctamente los servicios del centro de atención residencial, es preciso que tratemos datos relativos a su salud (enfermedades, lesiones, medicaciones, alergias alimentarias, trastornos de conducta y/o discapacidades) por lo que, en cumplimiento de la normativa vigente de protección de datos, necesitamos su consentimiento explícito y expreso para poder recoger y tratar los datos relativos a su estado de salud.

En el caso de que no nos autorice expresamente al tratamiento de los datos relativos a su salud para la finalidad indicada, el Concello de Baleira le informa que no podrá valorar su solicitud de plaza en el centro residencial de Baleira y prestarle los servicios que nos solicita. Por todo ello, le solicitamos que no nos marque la casilla que se ajuste a los permisos que quiere darnos en lo relativo al tratamiento de sus datos de salud.

Por favor marque la casilla que se ajuste, en cada caso, a los permisos que quiera darnos

☐ Sí, doy mi consentimiento expreso para que el Concello de Baleira trate los datos relativos a mi salud para la valoración de la solicitud de plaza en el centro residencial y la correcta prestación del servicio.

☐ No doy mi consentimiento para que se traten datos relativos a mi salud.

Concello de Baleira le informa que en cualquier momento usted podrá retirar el consentimiento facilitado para el tratamiento de los datos de salud indicados, mediante comunicación dirigida a la dirección arriba indicada, sin que ello anule la legitimación de los tratamientos que se efectuaron desde que se otorgó el consentimiento inicial hasta que usted nos lo retire.

¿Por cuánto tiempo conservaremos sus datos o los del residente/usuario del centro de atención residencial?

Los datos personales de los solicitantes y usuarios del centro de atención residencial y los de sus tutores legales proporcionados durante la prestación del servicio se conservarán mientras se mantenga la prestación del servicio contratado y durante el plazo legal que nos lo exija la normativa autonómica aplicable al sector geriátrico.

Los datos personales se conservarán durante el tiempo necesario para cumplir con la finalidad para la que se recabaron y para determinar posibles responsabilidades que se pudieran derivar de dicha finalidad y del tratamiento de datos.

¿Cuál es la legitimación para el tratamiento de sus datos o los del residente/usuario del centro de atención residencial?

La base legal para el tratamiento de sus datos y/o los del tutelado es el consentimiento explícito del interesado y/o de su representante legal (Art. 6.1.a) RGPD).

¿A qué destinatarios se comunicarán sus datos o los del solicitante o residente/usuario del centro de atención residencial?

Concello de Baleira comunicará sus datos personales a la Consellería de la Xunta de Galicia que tenga competencia en temas de política social, cuando así sea requerida para ello en cumplimiento de la normativa aplicable y debido a que se trate de una plaza concertada con la administración autonómica. También, en el caso de ser necesario para el correcto funcionamiento de la entidad, a prestadores de servicios que actúen como encargados de tratamiento de **Concello de Baleira** y a facultativos, especialistas, centros médicos y/o laboratorios externos cuando sea necesario para el correcto seguimiento médico del solicitante o residente/usuario del centro de atención residencial de **Concello de Baleira**.

Igualmente, en caso de existir algún tipo de obligación legal, **Concello de Baleira** procederá a realizar las cesiones legales de sus datos a las que legalmente se encuentre obligado.

¿Cuáles son sus derechos, o los del solicitante o residente/usuario del centro de atención residencial de Baleira, cuando nos facilita sus datos?

Cualquier persona tiene derecho a obtener confirmación sobre si en **Concello de Baleira** estamos tratando datos personales que les conciernan, o no.

Las personas interesadas tienen derecho a acceder a sus datos personales, así como a solicitar la rectificación de los datos inexactos o, en su caso, solicitar su supresión cuando, entre otros motivos, los datos ya no sean necesarios para los fines que fueron recogidos.

En determinadas circunstancias, los interesados podrán solicitar la limitación del tratamiento de sus datos, en cuyo caso únicamente los conservaremos para el ejercicio o la defensa de reclamaciones.

En determinadas circunstancias y por motivos relacionados con su situación particular, los interesados podrán oponerse al tratamiento de sus datos. **Concello de Baleira** dejará de tratar los datos, salvo por motivos legítimos imperiosos, o el ejercicio o la defensa de posibles reclamaciones.

Si considera que alguno de los derechos anteriormente mencionados no ha sido respetados, Usted tendrá derecho a presentar una reclamación ante la Agencia Española de Protección de Datos. (<https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php>)

En Baleira, a ____ de _____ de 20__.

Fdo: D./Dña. _____.

ANEXO I. ADXUNTO b). Comprobación de datos de terceiras persoas computables[1]**(inclúese a persoa acompañante)**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que se opoñan a esta consulta, deberá indicalo no recadro correspondente e achegar o documento.

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, aceptan a incorporación dos seus datos ao expediente de tramitación. No caso de terceiras persoas interesadas menores de idade o presente documento deberá ser asinado por un dos proxenitores e/ou representante legal.

(De non ser suficiente o espazo previsto no cadro seguinte para reflectir todas as persoas computables, deberá cubrir e enviar tantos adxuntos I como sexan necesarios)

Nome e apelidos	DNI/NIE	OPÓÑOME á consulta do padrón de antigüidade	OPÓÑOME á consulta de padrón de vehículos	OPÓÑOME á consulta de padrón de bens	OPÓÑOME á consulta de imputación IRPF	Sinatura

ADXUNTO II. INFORME DE BARTHEL

(SINALAR CUN X o ítem máis aplicable en cada área)

Nome e apelidos do/a profesional sanitario (Asinante)		
	Nº de Colexiado	Data do informe
Organismo/ Centro de Saúde		
Nome e apelidos do/a interesado/a		
	DNI	
COMER		SÍ/NON
É capaz de utilizar calquera instrumento, pelar, cortar, esmigallar. A comida pónselle ao seu alcance (Capaz de utilizar calquera instrumento necesario, capaz de esmigallar a comida, estender a manteiga, usar condimentos, etc., por si soa. Come nun tempo razoable. A comida pode ser cociñada e servida por outra persoa)		
Precisa de axuda ou o fixo con axuda e supervisión doutra persoa todas as veces (Para cortar a carne e o pan, estender a manteiga, etc. Pero é capaz de comer soa).		
Necesita ser alimentada por outra persoa		
HIXIENE PERSOAL E BAÑO		
É capaz de lavarse enteira soa, incluído entrar e saír da bañeira (capaz de lavarse enteiro, pode ser usando a ducha, a bañeira, permanecendo de pé e aplicando a esponxa en todo o corpo. Inclúe entrar e saír do baño. Pode realizalo todo sen estar unha persoa presente).		
Necesita calquera axuda ou o fixo con axuda e supervisión doutra persoa todas as veces (Necesita algunha axuda ou supervisión)		
VESTIMENTA		
É capaz de quitar e poñer a roupa, abrochar os botóns, cremalleiras, atar zapatos,... o fixo soa (É capaz de poñer e quitar a roupa, atar os zapatos, abrochar os botóns e colocar complementos, como braçueiro... soa)		
Necesita axuda, pero fai boa partes das tarefas habitualmente, ou o fixo con axuda e supervisión doutra persoa tódalas veces (Realiza soa a menos a metade das tarefas nun tempo razoable)		
Dependente: Necesita moitas axuda ou feito por outra persoa.		
ASEO		
Lava a cara e as mans, peitase, aféitase, lava os dentes, maquillase, o fixo soa (Realiza todas as actividades persoais sen ningunha axuda. Inclúe lavar a cara e as mans, o peiteado, a maquillaxe, o afeitado e lavar os dentes. Os complementos necesarios para iso poden ser provistos por outra persoa)		
Necesita algunha axuda ou o fixo con supervisión doutra persoa todas as veces (Necesita algunha axuda)		
INCONTINENCIA FECAL		
Usa só o supositorio e o enema con control total de esfínteres (Ningún episodio de incontinencia. De necesitar un enema ou supositorio pono soa)		
Ocasionalmente algún episodio de incontinencia ou necesita axuda para administrase supositorios ou enemas (Menos de unha (1) vez por semana ou necesita axuda para enemas ou supositorios)		
Incontinencia total de día e de noite ou necesita que lle subministren o enema (Inclúe administración de enemas por outra)		
USO DO VÁTER		SÍ/NON
Entra e sae do váter, pode utilizalo soa, sentar, limpar, pon a roupa, o fixo soa. Pode requirir axuda técnica (Entra e sae soa. Capaz de quitar a roupa, previr o manchado da		

roupa e tirar da cadea. Capaz de sentar e erguer da cunca do váter sen axuda, pode utilizar barras para soportarse; Se usa ouriñal, botella etc. é capaz de utilizala sen axuda e sen manchar)	
Necesita axuda para ir ao váter, pero límpase só ou o fixo con axuda e supervisión doutra persoa todas as veces(capaz de manexarse con pequena axuda no equilibrio, quitar e poñer a roupa, pero pode limparse soa. Aínda é capaz de usar o váter)	
Incapaz de manexarse sen asistencia ou feito por outra persoa (Incapaz de manexarse sen asistencia maior)	
INCONTINENCIA URINARIA (Valorar os últimos 7 días)	
É continente ou é capaz de coidar a sonda (Seco de día e de noite, capaz de usar calquera dispositivo; En paciente sondada, inclúe cambiar a sonda soa)	
Máximo un (1) episodio de incontinencia en 24 horas. Necesita axuda para coidar a sonda (Accidente ocasional, menos dunha (1) vez por semana, ou necesita axuda para cambiar a sonda)	
Incontinencia total de día e de noite (Inclúe paciente con sonda incapaces de manexarse)	
DEAMBULACIÓN	
Camiña soa 50 metros (Pode camiñar ao menos 50 metros ou o seu equivalente na casa sen axuda ou supervisión; A velocidade non é importante. Pode usar calquera axuda, como bastóns, muletas, etc., excepto andador; Se utiliza próteses é quen de poñelas e quitálas soa)	
Necesita axuda ou supervisión física ou verbal para camiñar 50 metros (Supervisión ou pequena axuda física, persoa non moi forte, para andar 50 metros; Inclúe instrumentos ou axudas para permanecer de pé, coma o andador)	
Independente en cadeira de rodas, sen axuda durante 50 metros, capaz de xirar esquinas (Independente en cadeira de rodas en 50 metros; Debe ser capaz de desprazarse, atravesar portas, e dobrar esquinas soa)	
Incapaz de manexarse sen asistencia (Se usa cadeira de rodas, precisa ser empuxada por outra persoa)	
SUBIR E BAIXAR ESCALEIRAS	
Sube e baixa soa, incluído o uso de varanda ou bastóns (Capaz de subir e baixar un (1) piso sen axuda e sen supervisión; Pode utilizar o apoio que precisa para andar, como bastón, muletas e o pasamáns)	
TRANSFERENCIAS (Traslados da cadeira á cama))	
Deita ou ergue da cama soa (Sen axuda en todas as fases. De utilizar cadeira de rodas aproxímase á cama, fréaa, despraza e apoia os pés, cerra a cadeira, colócase en posición de sentada nun lado da cama, métese e tómbase e pode volver á cadeira sen axuda)	
Cun pouco de axuda física ou presencial ou con supervisión verbal (Inclúe supervisión verbal ou pequena axuda física, tal como a ofrecida por unha persoa non moi forte ou sen adestramento)	
Necesita unha persoa adestrada ou dúas (2) persoas pero pode permanecer sentada sen axuda (Capaz de estar sentada sen axuda, pero necesita moita asistencia, como persoa forte ou adestrada para saír/ entrar da cama ou desprazarse)	
É incapaz de manexarse soa, non se mantén sentada (necesita guindastre ou completo alzamento por dúas (2) persoas; Incapaz de permanecer sentada)	

SINATURA e SELLO

ANEXO II. BAREMO PARA VALORAR A PRELACIÓN DE ACCESO NAS PRAZAS DE ATENCIÓN RESIDENCIAL DE TITULARIDADE MUNICIPAL

FACTOR 1. AUTONOMÍA PERSOAL (Máximo 100 puntos)

A asignación do valor en función do factor autonomía persoal realizarase dacordo co Índice de Barthel, sendo preceptivo para todas as solicitudes

Dependencia total	≤ 20 puntos
Dependencia grave	21 a 35 puntos
Dependencia moderada	40 a 55 puntos
Dependencia leve	60 a 90 puntos
Independente	100 (90 se van en cadeira de rodas)

Esta variable fai referencia ao grao de habilidade e autonomía que dende o punto de vista físico, psíquico e funcional presenta a persoa interesada para levar a cabo as actividades básicas da súa vida diaria ao longo dos últimos 7 días. A valoración realízase segundo a puntuación obtida, nunha escala de 0 a 100, na seguinte táboa (Índice Barthel)

1.1 COMER (inclúe comer con calquera método, inclusive con sonda gástrica)

É quen de empregar calquera instrumento, pelar, cortar, esmigallar (coa comida ao seu alcance) (10 puntos)	
Precisa de axuda ou o fixo con axuda e supervisión doutra persoa todas as veces (5 puntos)	
Necesita ser alimentado por outro (0 puntos)	

1.2 HIXIENE PERSOAL E BAÑO (a persoa mantén a propia hixiene, incluíndo o peiteado, cepillar os dentes, o afeitado, a maquillaxe, lavar e secar a cara, as mans; Como toma a ducha ou o baño, como se move dentro/fóra da bañeira ou da ducha, como lava a cabeza e as costas)

É quen de lavarse enteira soa, incluíndo entrar e saír da bañeira (5 puntos)	
Necesita calquera axuda, ou o fixo con axuda e supervisión doutra (0 puntos)	

1.3 VESTIMENTA (Prepara a roupa, a saca do armario,. A pon, quita, viste, se abrocha e saca toda a roupa de saír á rúa, incluíndo quitar e poner prótese)

Independente: É quen de quitar e poñer a roupa, abrocha os botóns, cremalleiras, amalhoa zapatos..., o fixo soa (10 puntos)	
Necesita axuda, pero fai boa parte das tarefas habitualmente, ou o fixo con axuda doutra persoa todas as veces (5 puntos)	
Dependente: Necesita moita axuda ou feito por outra persoa (0 puntos)	

1.4 ASEO

Independente: lava a cara e as mans, realiza o peiteado, o afeitado, lava os dentes, maquíllase, o fixo soa (5 puntos)	
Necesita algunha axuda ou o fixo con axuda e supervisión doutra persoa (0 puntos)	

1.5 USO DO VÁTER (Comprende o uso do ouriñal de asento, cuña, etc.: como se levanta e senta, como se lava despois, cambia os absorbentes, manexa a sonda ou a colostomía, e axusta a roupa)

Independente: entra e sae do váter, pode utilizalo soa, senta, límpase, pon a roupa, o fixo soa. Pode requirir de axudas técnicas (10 puntos)	
Necesita axuda para ir ao váter, pero límpase soa ou o fixo con axuda e supervisión doutra persoa todas as veces (5 puntos)	
Dependente: Incapaz de manexarse sen asistencia ou feito por outra persoa (0 puntos)	

1.6 INCONTINENCIA (fecal)

É continente e independente: usa só o supositorio e o enema con control total de esfínteres (10 puntos)	
Ten algunha defecación non controlada: ocasionalmente algún episodio de incontinencia ou necesita axuda para administrarse supositorios ou enemas con incontinencia ocasional/temporal (5 puntos)	
Incontinencia total de día e de noite ou necesita que lle subministren o enema (0 puntos)	

1.7 INCONTINENCIA (Urinaria)

É continente ou é capaz de coidar a sonda (10 puntos)	
Incontinencia ocasional/temporal: máximo un episodio de incontinencia en 24 horas. Necesita axuda para coidar a sonda (5 puntos)	
Incontinencia total de día e de noite (0 puntos)	

1.8 DEAMBULACIÓN

Independente: camiña soa 50 metros. (15 puntos)	
Necesita axuda ou supervisión física ou verbal para camiñar 50 metros (10 puntos)	
Independente en cadeira de rodas, sen axuda durante 50 metros, capaz de xirar esquinas (5 puntos)	
Dependente: incapaz de manexarse sen asistencia (0 puntos)	

1.9 SUBIR E BAIXAR ESCALEIRAS

É independente: sube e baía soa, incluído o emprego de baranda ou bastóns (10 puntos)	
Necesita axuda física ou verbal (5 puntos)	
Incapaz de manexarse sen asistencia, precisa de axuda total (0 puntos)	

1.10 TRANSFERENCIAS, (Móvese entre superficies cara a/dende cama - cadeira, e viceversa)

Independente: Deitase e érquese da cama soa (15 puntos)	
Necesita mínima ou pouca axuda, ou simple supervisión verbal (10 puntos)	
Necesita moita axuda: una ou dúas persoas para axudar, aínda que pode permanecer sentada soa (5 puntos)	
Non é quen de se manexar soa, non se mantén sentada (0 puntos)	
TOTAL PUNTOS AUTONOMÍA PERSOAL (Factor 1)	

FACTOR 2. OUTROS ASPECTOS

Só se ten en conta para a orde de prelación; ben para a asignación de praza e/ou a listaxe de agarda e que se aplicará de xeito sucesivo.

2.1 EXISTENCIA DOUTRAS PRESTACIÓN E SERVIZOS CALQUERA QUE SEXA A SÚA NATUREZA

SITUACIÓN	MARCAR (x)
SÍ	
NON	

2.2 CAPACIDADE ECONÓMICA

Cantidade	
------------------	--

2.3 EXISTENCIA DE REDE DE APOIO SOCIAL

Existe rede social?	MARCAR (x)
SÍ	
NON	

2.3.1 APOIO SOCIAL (Máximo 20 puntos)

SITUACIÓN	PUNTOS
A persoa vive soa e carece de familiares e/ou rede de apoio (20 puntos)	
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio da contorna vecinal ou doutras redes (18 puntos)	
A persoa convive con persoa sen capacidade para atendela (Ata 12 puntos)	
Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos)	
Cunha persoa con discapacidade ou dependencia valorada (3 puntos)	
Cunha persoa que carece de tempo, con ausencia de 10h/día ou con atención inferior a 6 horas/semana (3 puntos)	
Con incapacidade para organizarse (3 puntos)	
Os familiares néganse a atendela aínda que teñan posibilidades (8 puntos)	
Vive soa, pero hai familiares con posibilidades de atendela no mesmo concello a menos de 20 km. (5 puntos)	
Está ben atendida (0 puntos)	
TOTAL PUNTOS DE APOIO SOCIAL	

4 IDADE

Data de nacemento	
--------------------------	--

2.5 DATA DA SOLICITUDE

Data	
-------------	--

Baleira, 21 de agosto de 2019.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.

[1] Son computables:

- Cónxuxe ou relación análoga de afectividade debidamente rexistrada. (Sempre e cando figuren empadroados mínimo un ano consecutivo, convivan 183 días no ano natural, na data de solicitude, e non superen a renda anual do IRPF para estar a cargo)
- Descendentes menores de vinte cinco (25) anos, ou maiores con discapacidade dun 33% ou máis, e/ou con incapacidade legal e/ou dependencia, da persoa solicitante e cónxuxe.
- Ascendentes até o primeiro (1º) grao, maiores de 65 anos, ou indiferente con discapacidade igual ou superior ao 33%, da solicitante

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE PRAZAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CENTRO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL, DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR, DO CONCELLO DE BALEIRA**ARTIGO 1. OBXECTO**

De conformidade co previsto nos artigos 41 e 127 do R.D. lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e en exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Baleira, na súa calidade de Administración Pública, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, esta ordenanza ten por obxecto establecer o prezo público pola prestación de servizos nas prazas de titularidade do Concello no Centro de Atención Residencial situado no concello de Baleira.

A tramitación dos expedientes correspóndelle ós Servizos sociais do Concello, como órgano instructor.

O órgano competente para ditar resolución nos expedientes indicados será a Alcaldía-Presidencia, que pode delegar de conformidade co disposto no artigo 21.3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, e no artigo 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible, a estancia efectiva no Centro das persoas usuarias (Usuarias en diante) que accedan a unha das prazas de titularidade do concello, e que comprenderá a prestación dos servizos básicos descritos no artigo 5 da ordenanza municipal reguladora, na modalidade de estancia permanente.

Este prezo non comprenderá os servizos complementarios ou optativos susceptibles de pago adicional.

ARTIGO 3. OBRIGADAS/OS AO PAGAMENTO

Están obrigadas ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, as persoas físicas usuarias da praza e, no seu caso, quen as represente.

ARTIGO 4. DEVENGO DA OBRIGA

1. A obriga de contribuír nace dende a data de ingreso na praza titularidade do Concello de Baleira no Centro de Atención Residencial do Consorcio, que deberá efectuarse no período conferido na Ordenanza reguladora de aplicación. No caso contrario, entenderase que renuncia a esta.

2. Esixírase o depósito previo equivalente a unha (1) cota mensual das que lle puidese corresponder, en concepto de fianza, que se pagará ao Concello de Baleira. O depósito da fianza é preceptivo para o ingreso na residencia e no caso de non efectuarse, entenderase que desiste da praza.

Este depósito devolveráselle á persoa usuaria no caso de extinción do servizo, unha vez deducidas aquelas cantidades pendentes de cobro. No caso de extinción sen a antelación prevista na Ordenanza reguladora do servizo, dará lugar á non devolución desta fianza agás causa debidamente xustificada.

ARTIGO 5. NORMAS XERAIS DE APLICACIÓN

1. O réxime económico polas estancias que se regulan na presente ordenanza será o seguinte:

a. A determinación da capacidade económica e o cálculo do copagamento realizarase conforme o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, e polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro. Este cálculo será provisional ata a resolución do Plan Individual de Atención pola Xunta de Galicia (PIA en diante), sendo este último de aplicación obrigada.

b. Para persoas sen grado de dependencia (Persoas sen grado en diante), para o cálculo do copagamento, considerarase o determinado nesta ordenanza municipal.

c. Cando a persoa solicitante veña cun/ha acompañante, a cota de copagamento fixarase individualmente, obtendo cada unha a condición de usuaria do servizo ou residente para os efectos desta ordenanza.

ARTIGO 6. XESTIÓN ORDINARIA DO COBRO DA COTA

1. O Concello de Baleira cobrará a cota mensual ás persoas usuarias mediante cargo bancario, para o cal será obrigatorio que designen unha conta bancaria no impreso normalizado. Non se aceptará outro tipo de pago que non sexa a través do abono bancario.

2. A liquidación realizarase a mes vencido. O cargo faráselle entre os días 01 e 10 do mes posterior ó que corresponda a cota.

3. No suposto de devolución do recibo bancario, por causas alleas ao Concello, requirirase á persoa usuaria ou a quen a represente, o ingreso do importe da débeda no prazo de dez días hábiles.

4. Transcorrido o período voluntario de ingreso sen que se pague a obriga, a recadación efectuarase de modo coercitivo mediante o procedemento de constrinximento.

5. Acumulados dous (2) recibos pendentes de cobro, a persoa usuaria causará baixa definitiva da praza, emitíndose o correspondente Informe ditame para a resolución, por incumprimento da súas obrigas.

ARTIGO 7. EXCEPCIÓNS NA XESTIÓN ORDINARIA DO COBRO DA COTA

1. Cando o servizo sexa dispensado con intensidades inferiores ao mes completo, agás para os supostos de ausencia con dereito a reserva, o copagamento calcularase proporcionalmente aos días de asistencia.

2. No caso de extinción voluntaria do servizo, a usuaria deberá avisar ó Consorcio ou ó Concello cunha antelación de 10 días hábiles. No caso de non producirse dito aviso, e agás causa xustificada da imposibilidade de aviso, o Concello cobrará o mes completo (30 días).

3. Para facer efectivo o cobro, o Consorcio deberá remitir aos Servizos sociais comunitarios ao longo dos primeiros sete (7) días hábiles de cada mes, os datos necesarios para efectuar o cálculo do importe a liquidar, de xeito que para que se axuste á realidade, teranse en conta as incidencias comunicadas, e tomarase como referencia, a base establecida na normativa e manuais do Consorcio vixentes.

4. Se as persoas obrigadas non perciben ningún tipo de ingreso económico mensual, non estarán obrigadas ao pago da cota ata que lles sexa tramitada a prestación económica que lle corresponda, e esta resulte aprobada.

Se a pensión ou prestación se recoñece con carácter retroactivo, deberá pagar a cota dende o día que se lle resolveu, sen prexuízo do disposto nos artigos de determinación de copagamento.

Exceptúase deste réxime aquela persoa usuaria que, aínda sen recibir pensión ou prestación de ningunha clase, dispoña de calquera tipo de renda, produto ou patrimonio cuxo valor sexa igual ou supere o importe establecido como límite para a exención do pago.

ARTIGO 8. RESERVA DE PRAZA E AUSENCIAS DO CENTRO.

Conforme as causas xustificadas establecidas na normativa en vigor, as persoas usuarias do servizo poderán ausentarse. Durante este período terán dereito a unha reserva de praza.

O prezo das prazas reservadas será o 40 por 100 do importe por estancia ordinaria, durante o tempo que dure a ausencia xustificada.

O non pagamento das cantidades correspondentes á reserva da praza computará como recibo pendente de cobro aos efectos do regulado no artigo 6.5 desta ordenanza.

Pasado o período que xustifique a ausencia sen que se volva a ocupar a praza, dictarase resolución de baixa definitiva, previa audiencia do/a interesado/a, e a praza será posta a disposición do Concello de Baleira para unha nova asignación.

ARTIGO 9. DA CAPACIDADE ECONÓMICA.-

1. A administración municipal, en todo momento, terá facultade de verificar os datos achegados polas persoas interesadas. O Concello poderá comprobar de oficio a acreditación dos requisitos da capacidade económica, sen prexuízo de poder requirir á persoa interesada calquera outra documentación necesaria para completar esta verificación, dentro dos termos que a normativa en materia de protección de datos persoais así o permita.

2. Así mesmo, poderá verificar a información ofrecida polas/os titulares do dereito, mediante a obtención de datos de carácter económico que sobre eles exista nas distintas administracións, rexistros públicos ou calquera outro organismo competente.

3. No caso de que exista diferenza entre a información económica suministrada e a obtida pola Administración pública, utilizarase esta última para a determinación da capacidade económica, sen prexuízo de que o/a interesada/o poida iniciar as accións oportunas para corrixila, se estivera fundamentada.

4. A ocultación ou falsificación de datos sobre a capacidade económica poderá dar lugar á suspensión temporal ou á extinción do servizo, ademais das responsabilidades de calquera outro tipo en que puidese incurrir a persoa usuaria.

5. No suposto de que se conclúa que os datos achegados, declaracións ou certificados presentan datos incorrectos ou falseados, o Concello de Baleira, promoverá o correspondente expediente sancionador, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común, e comunicará a obriga do pagamento dos importes que se deben conforme á súa correcta capacidade económica. Os importes que se deben serán requiridos consonte á normativa reguladora prevista para tales efectos no réxime xurídico de aplicación.

ARTIGO 10. REGLAS PARA A DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA

1. O período que se computará na determinación da renda e do patrimonio será o do último exercicio fiscal cuxo período de presentación da declaración vence na data de presentación da solicitude.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, cando a capacidade económica da persoa usuaria só proveña da percepción de pensións, prestacións ou subsidios públicos, o período que se computará na súa determinación, será o do exercicio en que se presente a solicitude.

3. A capacidade económica da persoa usuaria determinarase en cómputo anual, sen prexuízo de que para o cálculo do copagamento se compute en termos mensuais, para o cal, calcularase como a doceava (12ª) parte da súa capacidade económica anual.

4. Para a determinación da capacidade económica da persoa usuaria, terase en conta a situación económica acreditada pola/o interesada/o na documentación presentada para a iniciación do procedemento, consonte ao establecido na ordenanza municipal reguladora do servizo. Para estes efectos, se a/o usuaria/o se atopa no suposto previsto no apartado 2 deste artigo, a exigencia do requisito de presentación de declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF en adiante), será substituída pola presentación de certificación actualizada das pensións, prestacións ou subsidios públicos das cales sexa perceptora.

5. A resolución de concesión de praza recollerá expresamente a capacidade económica e o copagamento da persoa usuaria polo servizo.

ARTIGO 11. NORMAS DE VALORACIÓN DA RENDA

1. A capacidade económica persoal da usuaria será a súa renda modificada á alza pola suma dun 5 por 100 do seu patrimonio neto a partir dos 65 anos, dun 3 por 100 aos menores de 65 anos, e dun 1 por 100 aos menores de 35 anos.

Para a valoración da Renda computaranse no exercicio fiscal que se vai considerar, a totalidade de ingresos netos da usuaria derivados tanto do traballo como do capital, así como calquera outro substitutivo daqueles, segundo os criterios de valoración establecido pola Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF en adiante), ou se é o caso, ás normas fiscais que poidan ser de aplicación.

2. Cando a usuaria opte por presentar a declaración do IRPF de forma conxunta, ou nos casos de

1. Persoas con cónxuxe en réxime de gananciais ou participación de bens, a súa renda final virá determinada polo cociente de dividir entre dous (2) a suma dos ingresos de ambas as dúas (2) integrantes da parella. Para o caso de parellas de feito rexistradas aplicarase o establecido nos pactos entre as partes que rexen as súas relacións económicas.

2. Así mesmo, computaranse as rendas dos seguros privados de dependencia a que se refire o artigo 51.5 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do IRPF.

3. Nos ingresos da usuaria non se terán en consideración como renda a contía das prestacións de análoga natureza e finalidade recollidas no artigo 31 da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

4. Ditas prestacións, do apartado anterior, sumaranse á contía calculada de acordo cos criterios de participación do servizo ata o 100 por 100 do custo de referencia deste.

5. Non serán obxecto de cómputo, para os efectos de determinación de capacidade económica da persoa usuaria, as axudas económicas establecidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, nin as recollidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro.

6. Cando a persoa usuaria teña persoas a cargo, a súa renda incrementarase no importe das rendas do resto que dependan economicamente dela e o resultado obtido dividirase entre o número total de persoas.

7. Non obstante, cando a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito rexistrada que non dependa economicamente dela, e sempre que non presentasen de forma conxunta a declaración do IRPF, no cómputo do apartado anterior só se integrarán as rendas da persoa usuaria e das persoas que dependan economicamente dela e o resultado dividirase entre o número total de persoas.

8. No caso de que presenten a declaración conxunta do IRPF, o importe total das rendas derivadas da declaración conxunta e mais, de ser o caso, das rendas das persoas a cargo da parella, dividirase polo número total de persoas.

ARTIGO 12. DA PERSOA A CARGO DA USUARIA

1. Considéranse persoas a cargo da usuaria, as seguintes:

a. Cónxuxe ou parella de feito rexistrada como tal.

b. Descendentes da usuaria ou persoas vinculadas a ela por razón de tutela e /ou acollemento, menores de vinte e cinco (25) anos ou maiores de tal idade en situación de dependencia ou con discapacidade ou incapacidades xudicialmente sometidas a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

c. Ascendentes da usuaria ou da cónxuxe ou parella de feito rexistrada como tal, maiores de sesenta e cinco (65) anos ou calquera que sexa a súa idade, sempre que teñan recoñecido o grado de discapacidade igual ou superior ao 33 por 100.

2. Para seren persoas a cargo da persoa usuaria deberán cumprir estes tres (3) requisitos:

a. Que as súas rendas anuais (excluídas as exentas nesta ordenanza) non superen o importe fixado na normativa reguladora do IRPF para ter dereito a aplicación do mínimo por descendentes ou por ascendentes.

- b. Que non presentasen declaración polo dito imposto con rendas superiores ao importe sinalado nas normas comúns para a aplicación do mínimo por descendentes ou por ascendentes na normativa do IRPF.
- c. Que estean empadroadas no domicilio da persoa usuaria cando menos un (1) ano antes da solicitude.

ARTIGO 13. NORMAS PARA A VALORACIÓN DO PATRIMONIO NETO

1. Computaranse o conxunto de bens e dereitos de contido económico titularidade da persoa usuaria do servizo, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder.
2. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en conta a porcentaxe correspondente á propiedade da persoa usuaria.
3. Unicamente se computará a vivenda habitual, no caso de que a persoa usuaria reciba o servizo de atención residencial permanente e non teña persoas ao seu cargo que continúen residindo na devandita vivenda. Neste caso, o valor que se computará será o valor catastral da vivenda ou, na súa falta, o valor escriturado, aplicada a exención que por vivenda habitual establece para o caso a normativa do imposto sobre o Patrimonio. Para estes efectos enténdese por persoa a cargo as conceptualizadas nesta ordenanza no artigo 12.
4. Computaranse en todo caso as disposicións patrimoniais realizadas pola persoa usuaria nos catro (4) últimos anos anteriores á presentación da solicitude, tanto se son a título oneroso como gratuito, a favor da cónxuxe, persoa con análoga relación de afectividade á cónxuxe, ou parentes ata o cuarto (4º) grado inclusive, nos termos e segundo as normas contidas na disposición adicional quinta da Lei 41/2007, do 07 de decembro, de regulación do mercado hipotecario e outras normas do sistema hipotecario e financeiro, de regulación das hipotecas inversas e os seguros de dependencia e pola que establece determinada norma tributaria.
5. Para os efectos de valoración do patrimonio non se computarán na determinación deste, nin o enxoval doméstico nin os bens e dereitos achegados a un patrimonio especialmente protexido dos regulados pola Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade, do que sexa titular a persoa usuaria mentres presente tal afección. Non obstante si se computarán, na valoración da renda, as derivadas de dito patrimonio que non se integren nel.

ARTIGO 14. DETERMINACIÓN DO COPAGAMENTO NA MODALIDADE DE ESTANCIA PERMANENTE .

Para esta modalidade será de aplicación o sistema de cálculo directo sobre a capacidade económica da persoa usuaria, que consistirá en practicar a porcentaxe do 75% sobre desta, que se establece nesta ordenanza, sempre e cando non este aprobado o PIA para atención residencial pola Xunta de Galicia, o cal será de aplicación obrigada.

ARTIGO 15. LÍMITES E MÍNIMOS VITAIS NO COPAGAMENTO DO SERVIZO.

1. Para os efectos desta ordenanza, establecece como prezo de referencia do servizo o contido no Convenio asinado co Consorcio para o Concello de Baleira e addendas posteriores que puideran asinarse.
2. A contía que resulte de aplicación dos coeficientes de copagamento pola persoa usuaria, será de 75%, en ningún caso poderá exceder o 90 por 100 do prezo de referencia do servizo prestado.

ARTIGO 16. MODIFICACIÓN DO COPAGAMENTO

1. No primeiro trimestre de cada exercicio, os Servizos Sociais actualizarán de oficio a capacidade económica das persoas usuarias e a nova cota a pagar, se é o caso, que para o previsto no artigo de devengo da obriga desta ordenanza, terá efectos económicos dende o un (1) de abril do ano en curso. A estes efectos, en cada exercicio poderase requirir ás persoas usuarias a presentación da documentación económica actualizada. No caso de non achegala o concello poderá proceder ao cobro da contía máxima prevista tanto na normativa como nesta ordenanza.
2. As persoas interesadas que se opoñan ou non autoricen aos Servizos sociais comunitarios para que consulten os arquivos públicos que consten nas distintas administracións, cada primeiro trimestre do ano, comunicarán as variación das circunstancias que serviron para o cálculo do copagamento anterior, e xuntarán a copia da resolución do PIA actualizado. De non existir PIA, presentarán:
 - a. Copia da declaración do IRPF correspondente ao ultimo período en que finalizase o prazo de presentación.
 - b. De ser o caso, certificado de toda clase de pensións percibidas pola persoa usuaria, pola cónxuxe ou parella de feito rexistrada, de ser o caso, e por todas aquelas que son computables (plans de pensións, seguros ou rendas de compensación).
 - c. Declaración do imposto de patrimonio da persoa usuaria, da cónxuxe ou parella de feito rexistrada, de ser o caso, e de todas aquelas computables, ademais das disposicións patrimoniais realizadas, nos que se detalle o conxunto da titularidade de bens e dereitos de contido económico.
3. As persoas usuarias cuxa capacidade económica experimentase modificación durante o exercicio, deberán comunicalo ao concello no prazo dun mes (1), seguinte ao que ditas modificacións sucedesen, e aportar a documentación afectada pola variación.

Unha vez realizada a valoración da capacidade económica, produto da súa modificación, o órgano municipal ditará resolución de revisión e incluírá o novo copagamento, de ser o caso, producindo efectos desde a súa notificación, para o previsto no artigo de devengo da obriga desta ordenanza.

4. A non presentación da documentación ou a ocultación de información económica que deba ser tida en conta a efectos do cálculo da liquidación ou exención da estancia será causa de suspensión temporal ou extinción do servizo, e de apertura de expediente sancionador, segundo o previsto no artigo 9.4 e 9.5 desta ordenanza.

ARTIGO 17. INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo á clasificación das infraccións e sancións, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto definitivo e teña transcorrido o prazo segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

ANEXO I. O COPAGAMENTO DA PERSOA USUARIA NA MODALIDADE DE ESTADÍA PERMANENTE

UNHA PORCENTAJE DO 75 % da capacidade económica."

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Baleira, 11 de marzo de 2020.-O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 0627